



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN. Aprobación lista provisional persoas admitidas selección praza operario condutor PEL.

Visto a Resolución da Alcaldía 292/2021, de data 6 de abril de 2021, pola que se aproban as bases da convocatoria para a selección de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, PEL-Reactiva 2021, para a provisión dunha praza de operario condutor, durante un período de seis meses, a xornada completa, mediante contrato laboral por obra ou servizo determinado.

Visto o anuncio de convocatoria para a provisión da devandita praza, publicado no BOP Coruña nº 65, de data 9 de abril de 2021.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, vistas as instancias presentadas e os requisitos esixidos, de acordo co disposto nas bases da convocatoria e as atribucións que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que a seguir se detallan para a selección dunha praza de operario-condutor:

Apelidos e nome	D.N.I.	Admitido/a	Motivo exclusión
Fernández Ojea, Javier	*****874-A	Si	-
Gabeiras Saavedra, Daniel	*****289-W	Si	-
Maceira Dopico, Rubén	*****144-Y	Non	(1)
Oti Ríos, Juan María	*****698-N	Si	-
Pena Naveiras, José Antonio	*****886-V	Si	-
Sanmartín Sardiña, Jesús	*****885-A	Si	-

(1): Non acredita atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral previstas no punto 5 das bases da convocatoria.

Segundo. Ordenar a publicación da presente Resolución na Sede Electrónica do Concello de Cabanas.

Terceiro. Outorgar un prazo de dous (2) días hábiles, a contar dende a publicación da presente Resolución para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, segundo o establecido no punto 7 das bases da convocatoria. No caso de presentar as reclamacións e/ou alegacións nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello de Cabanas, deberán enviar copia da alegación presentada e da documentación adxunta á dirección de correo electrónico [registro@cabanassg.gal](mailto:registro@cabanassg.gal), no mesmo prazo outorgado para a presentación de alegacións.

O acorda e asina dixitalmente o Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe.

